

Compás que arde

Era tempo en que anoitece
escarlata, sombrío, misterioso...
Tempo de enigmas e segredos,
do luceiro da tarde en brasa.
Tempo de contar estrelas,
de pasar baixo o Arco Iris.
Era tempo de crer contos de fadas
e de enfrontar batallas,
de as brancas e cadeas negras.
Tempo de encantar olladas
en reflexos sen arelas,
de comer mazás verdes
e moras vermellas.
Era tempo de dentes de león
que cumprían desexos,
de espellos fondos,
elfos e mouros.

Aquel tempo...

Escenarios sen antídoto,
pasadizos do recordo,
en sendas que percorren
lentas liturxias de xestos.

Disparos ó pasado
en ollos latexados,
partidas simultáneas
nun mesmo taboleiro.

Mefistófeles sen meta
nunha viaxe eterna,
con destino secuestrado
para estraños pasaxeiros.

Aromas fascinantes
arrastrando pirámides,
ata hora de timbres,
raras covas e café.

Arterias de metáforas

como torrentes sen acougo,

xogando coa trabe

de todos os mundos.

Esmorecendo en futuros,

esgotando provir ficticio,

atrapada en lei anticipativa,

esquivando os fíos da mente.

Campando pola súa estrela

e convocando ocre e sienas.

Navegando reflexos dourados

en armazón provisional.

Abrasada en ceo e mar.

Habito rúas centenarias
aínda con arbores e castelos.
A cada paso: lendas e historias,
cada día: paxaros e memoria.
Imaxinando antigos segredos
en teatros, pedra e verde,
en ollos que miran limpo
dende castros e outeiros.
Pero invaden chaira fonda,
feridas rachando noite,
con alarma tola tentando sorte.
Mil formas maquinando
de chamar ó conto – lobo
e sementar ausencia dentro.

Manancial de ecos,

demorando orixes,

acolles a luz...

Mentres eu, noción,

derramo poder.

Depositario

de matices inxenuos,

infinitos

e sen fin.

Cega,

por que non me ves,

batendo coas explicacións.

Sempre as mesmas teimas
tecendo ambigüidade,
como as moiras tecían
os días e a noite.

Enfiando agullas de coherencia
con urde de mil fíos,
tramando pasado e futuro,
mordendo alleo presente.

Eriximos conviccións
con anacos irreconciliables,
en arquitectura fráxil,
sobre planos desconcertantes.

Como Argos velando
posibilidades ficticias,
nun labirinto antigo
a cada instante reinventado

- enguedellouse o fío

Onde perdemos aquela ponte
que adoitaba ser
o único camiño.

Aquela ponte por riba
de enredos e pasados,
de trancas e combates.
Xamais reencontrado,
atallo de outrora,
en ribeira algunha.

Debuxar para ver,
para non pensar,
para non dicir.

Des-velando
beleza inmensa,
en demasiada
noite de son.

Loucuras como dardos

vivindo metais

opacos e sen brillo.

Caos atravesado

definindo delirio.

Confiando tempo

nun legado triste,

sen volta

e delourado.

Abismo aberto en golpe,

morrendo de sede

a un palmo da fonte.

Herdeiros dun mesmo legado
que se atopan sen recoñecerse.
Portadores de antigas moedas
quebradas en amizade.
Para soñar futuros,
futuros tan delongados
que dilúen significados
en elos de cadeas...
Anfitrión en eterna espera
por hóspede que non chega.

Din que o destino espera,

Tamén quizais sexa certo.

Din que ten a face do futuro,

Pero eu topeime coa súa cara

E vin que era a face do pasado.

Obstinadamente logos,
lendo leis do real
en milenarias claves.
Rescatados das redes
vibratorias de campos,
frecuencias ou moléculas,
Das fórmulas químicas,
físicas ou técnicas.
Sentido calor no rostro
e vento que viaxa lonxe.
Melancolía sen cifras,
aterrada e metafórica.
Salvados por cores,
sons e augas cristalinas.

Por que calan?

Serán invernos

cómodos,

respostas trilladas,

metas sen alma.

Serán risas mercadas,

noites sen lúa,

latexos pausados.

Serán fuxidas

mornas,

soños vixiantes,

preguntas posibles.

Como calar?

Saíndo e entrando do labirinto,
pasando aduanas de entropía
mentres muto en sombra e liña.
Rutas silenciosas de ocos e formas,
pagando prezo por metamorfoses
en constante cambio de enerxía.

Saltan cacharelas

olladas que se odian

e sorrisos rituais.

Atravesan lume

sentimentos opostos,

días como coitelos

dándose a man.

Lapas inflamadas

de envexa cotiá,

envoltas no fume

aceso noutro lar.

Lúas milenarias

medindo datas

tan só humanas...

Limpa o meu corazón

en brasa viva,

noite de san Xoán,

para que me acolla a vida.

Confeseille ó meu amor
que me faltaban palabras,
que sentía que tiña
que desandar tantos pasos.
Díxenlle que o tempo xogaba
mentres a inercia contaba
contos á miña vontade.
Regaloume sinónimos,
e silencio na noitiña,
os cantos dos merlos
nas mañás doces e claras.

Era a páxina de delourar,
tamén a de delirium tremens,
de delta e de demiurgo,
de demanda...
Sentíame feliz
de que as palabras,
por fin, voltaran a min.

Aquel pobo non tiña praza

e eu tiven que inventala.

E nacín,

esgazando redes

e vellas palabras,

matrices e liñas

rabiando por saír.

Toda a cidade

asentándose como raio:

unindo centro

e circunferencia.

Os meus ollos:

silenciosos,

tremendo

que voltase o medo.

Cantas veces máis

terei que nacer?

Baixar ó máis fondo
dalgún algoritmo,
lonxe de números
preto da esencia.

Baixar ó remoto
sentido escondido,
aritmética xa
cerca de Heráclito.

Percorrer poesía
polo Universo,
“lume sempre vivo”
arrastrando mente.

Cinza cada vez nova,
mundos dun segundo,
compás que arde,
xogo que non para.

Emocións destrás,
sen intensidade,
a golpe de tempo
queimando días.

Caída de pétalos,
aínda aromáticos,
respirando agonía.

Vontade alugada
por horas anódinas
e renuncios necios,
Anhelando apresar
o que xa non está
na miña man.

Un,

dous,

tres,

catro,

cinco,

seis,

sete,

oito,

nove,

dez.

Saber contar...

Sen saber vivir.

Escada que crea
tramos a cada paso.

Ancorada
nun pasadoiro
que non acaba.

Sen regreso posible,
en espirais
que escintilan
como un espello.

Tentando
impares lonxanos

pitagóricos

case

case

Atravesa comigo o amarelo ardente

das ferverzas da xesta,

os verdes sabios do carballo amigo,

a mocidade brillante dos brotes

que palpitan.

Ven seguir a mirada dos melincroques

de amatista altiva

e os lazos de margaridas

na beira do camiño,

o tremor viaxeiro das polas abanadas.

Súbete ó Norte que nos limpa de temor,

ó aire que invita a azahar

en óboe sen metal,

coa cadencia esperta do son dun vento.

Coa emoción do nacemento dun río,
co tacto da pedra quente tralo sol,
cos xogos e reflexos fronte a min.
Co son da chuvia no lousado cálido,
co pé a punto de romper un charco,
agardando liña nun mencer non nado.
A néboa con preguiza no fondo da Chaira,
coas nubes contando aquel conto
e a libélula en historia de ámbar.
Na espiral dos antigos petróglifos
e as tardes longas tralas clases.
Nos momentos anteriores ó reencontro
en abrazo de mar na mañá clara.
Sensacións increíbles nun solpor.

Vivindo.

Sentindo.

Vivindo.

Funde azul, branco, néboa
nunha mañá sen horizonte,
narradora de area limpa,
de historias de pluma e ar.

Funde tormenta interna e mar,
ruxir, estalando como fonte,
fendendo rocha e mente,
son e luz no desexar.

Funde sentidos no camiñar,
respirando enerxía e sal,
rompeondas arando regreso
en abrente, terra e meco.

Cordeis de rabia,
aramios de infinitas cores,
cercan a miña existencia.
Non son grises, tristes.
Poderosos,
cheos de luces e forza,
crávanse no meu interior.
Alimentan intensidade
coa miña paixón.
Pantasma que me consumen.
Fíos que tecen tormentas,
raios que me parten
a un paso da desaparición.
Abrentes e solpores
que me salvan
máis... canto tempo?

“Azul era o noso mar”,
escribiu o poeta na rúa,
quebrado en nostalgia
e impotencia.

Azul posibilidade,
azul nómade
e aventureiro.

Azul futuro e nutritivo,
azul máximo,
brillante.

Azul orgulloso e sen pudor,
azul vida
e paixón.

Non esquivo e sen arao,
non escuro
e magoado.

“Azul era o noso mar”.

Fai vir a herba do ar
para perderme lonxe, nela.

Fai vir os paxaros da nosa casa
para sentir alba e luz.

Fai vir os cabaliños do demo
que viven preto do Azúmara,
irisados e inquedos
pero tan serenos.

Fai vir a Neve e Xis comigo
para sentir que habito
mañás de amigo.

Fai vir azaleas e hibiscos,
a sombra da gran árbore
amparando teixos e salgueiros.

Fai vir o clarexar do día
para alonxar todas as penas
e cinguir doces praceres.

Decidín crecer de repente

e saín buscar luz.

Atopei rosa dos ventos

e unha mañá de orballo.

Saín cavilando como cambiar

e voltei recreando símbolos.

Pensei marchar para sempre

e era iso: o país de nunca-xamais

instalándose na casa de enfronte.

Empuño chuvia,
corro riscos de vento.

Reto sobre cuarzo
en xiro de horizonte.

Firo con néboa,
curo con orballo.

Evoco anil e cobalto
sen acadar o salto.

Enviáronme a unha travesía

sen destino e sen acougo.

Lanzada desde infancia

a buscas sen tregua,

arroxando respostas antigas

a mares novos e inquedos.

Profundidades sedutoras,

perigosamente espelladas,

cheas de sereas e corsarios

en augas de afogados.

Perseguindo lume púrpura

sen asasinados de baleas.

Hai moito tempo
que marchei de aquí.
Funme en liñas e cor,
viaxei no amarelo
dos grelos en flor.
Trillei camiños antigos,
trepei coa caledonia.
Saltei coma un peixe
dende as serras de Meira
ás fontes de Miño alado.
Fixen maletas lixeiras,
lembrando versos de Borges,
e leveime, como Neruda,
tan só cinco cousas:
Longo vento e “amor sen fin”
Outono dourado cheo,
azul, ocre e siena tostada,
A chuvia nas cidades,
as augas do río en min.

Núa,

agocheime silenciosa

tras tilos e cipreses.

O sol xogando no ventre

e as voces acechando

entre os ocos das árbores.

Sen tocarme,

nin dende reflexos

dun cristal de ventá.

Sentinme libre

entre paxaros e insectos,

sinalándome

nesta doce mañá.

Din os poetas que a Chaira
é silencio e soidade
pero, sen embargo,
eu navego no seu vento
sonoro, tan sonoro.
Percorrendo fragas e días,
pregúntolle de onde ven
e onde me levaría.
Invádeme, trovador amigo,
botando fóra
ansiedade e tolería.
Con sons cálidos
en aire vertical,
que tanto revolve paxaros
e follas de Outono,
como o meu interior naval.

Movéndose calmo baixo a pel
atravesaba estrutura estraña.
Como auga nunha rañura,
como xeo en rocha dura.
Chegou ata a medula,
en migración sixilosa.
Tragando espazo de mil anos,
estrela fugaz, orgullo enteiro,
a dor, en puñal tan intenso.

Instalados habitando tempo,
observadores de referencia,
tecemos tantas teorías...
tentando cruzar nelas
ó outro lonxano lado.

Comezo ou

Precipicio?

En danza eterna

a mente xira, xira,

ondeando cintas de cores.

Índigo atrapando

amarelo cálido,

trenzando tempo

en aramio natural.

Axitación incontable

sen bulir palpebral.

Construía tempo

ávida de matices.

Camiñaba feitos

como senda aberta.

Acadaba ocos

en cotidianeidade

longa,

difícil.

Como mixto

que estala en luz,

esquecendo previa vida

en fósforo apagado.

Estirei os meus brazos

entre alba e noite.

Respirei día e dor,

e cando cansei:

soñei.

Pero logo o meu soño

tornou desexo

e foi ferro quente,

cambiando de forma

a cada instante.

Ás veces, viaxo alto

lonxana como aguia.

Ás veces, aveláña,

presa, atrapada en luz.

Ás veces, mente creativa

en silencio falangueiro.

Ás veces, carcelaria-mente,

muda e sen semente.

Arquetipos inmemoriais

secuestrando canles e camiños.

Atando ira con cólera,

convertendo pulmón en armazón.

Cimas e precipicios

cravados en aceiro social.

Liberdade hipnotizada,

montaña sen conquistar.

Dende pregunta interna

abrir mil brazos

ata tocar o ceo.

Inspirar enerxía branca,

expirar tanta insistente dor.

Está deitada en séculos sonoros,
abeirada en túneles de tempo.
Entre sabas de ouro vello,
atravesa vida en ferraxe antiga.
Aras de emocións doces, doces
como portas de fendido castiñeiro.
Con mil tons cálidos,
argumentando sons de imposible cor.

Para danzar noites de lúa

no fío da melancolía.

Para disfrazar destino áspero

salpicado de frío escarlata.

Tantos pretextos vitais...

debuxando corazón,

en lugares sinxelos

que non chegan ata min.

Que quero?

Entrañas abertas

aínda que cales.

Sen rescate de pel,

nin caricias aínda.

Oprimindo latexos

tralo silencio...

Que queres?

Volver sempre

a esvarar en cada sombra.

Tragarme a trabadas

cada tormenta.

Agardar polo instante lento

que me funda en luz

mentres estala en anacos

cada muralla de medo.

Pena que non saibas

como atravesar amor.

Pena que non saibas

como danzar co teu interior.

Pena tamén tanta lucidez

en tan fráxil habitación.

Impresións escuras

moídas en pensamentos.

Cuncas cheas de medos,

arrieiros de tebras.

Por camiño sen sinais

en soidade chea de ecos.

Ansiosa, tensa espera

de alegría e limpa luz.

Miña casa de pizarra

e cor de siena tostada.

Con terra de ferro nas veas

e cristais de cores.

Ampárame do temor

mentres reconquisto,

lenta como chocolate quente,

cada unha das súas estancias.

Días de sons antigos

envoltos en soidade queda,

fixádeme latexante,

por vez primeira nun fogar.

Cada día velenos lentos,
sen relevos nin tregua.
Animados de alento frío
os nosos mares internos.

